

PROXECTO EDUCATIVO

CEIP Plurilingüe



Manuel Murguía

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. ONDE ESTAMOS? CONTEXTUALIZACIÓN
 - 2.1. Situación xeográfica
 - 2.2. Contorno socioeconómico e cultural
 - 2.3. O centro
 - 2.3.1. Características
 - 2.3.2. Alumnado
 - 2.3.3. Profesorado
 - 2.3.4. Persoal non docente
 - 2.3.5. ANPA
3. QUEN SOMOS? PRINCIPIOS E SINAIS DE IDENTIDADE
 - 3.1. Principios educativos do centro
 - 3.2. Elementos transversais e a Educación en Valores
4. QUE PRETENDEMOS? OBXECTIVOS DO NOSO CENTRO
 - 4.1. Obxectivos de ámbito curricular
 - 4.2. Obxectivos de ámbito da participación e da integración
 - 4.3. Obxectivos de ámbito da organización e da administración
 - 4.4. Obxectivos de ámbito dos recursos
 - 4.5. Obxectivos de ámbito dos servizos
5. COMO NOS ORGANIZAMOS?
 - 5.1. Órganos de Goberno e Participación
 - 5.1.1. Órganos unipersoais
 - 5.1.2. Órganos colexiados de goberno
 - 5.1.3. Órganos de coordinación docente
 - 5.1.4. Outras coordinacións
 - 5.2. Outros aspectos de funcionamento
 - 5.2.1. Estratexias de coordinación entre cursos e etapas educativas
 - 5.2.2. Organización de tempos
 - 5.2.3. Medidas organizativas e pedagóxicas para o período de adaptación en Infantil
 - 5.2.4. Formas de colaboración coas familias, co Concello e coas institucións
6. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO
7. DIFUSIÓN, REVISIÓN, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

DILIXENCIA

1. INTRODUCCIÓN

Este documento é o instrumento para a planificación e xestión do CEIP Plurilingüe Manuel Murguía. Elaborouse a partir dunha **análise** da nosa comunidade escolar e do noso contorno e recolle unha proposta global para dirixir e orientar coherentemente os procesos de intervención educativa.

Pretendemos unha **educación integral** que favoreza a convivencia dende o respecto mutuo entre todos os membros da comunidade educativa. Isto tentamos acadalo por medio de tres piares:

- Esfuerzo conxunto.
- Esixencias didácticas.
- Lexislación vixente.

Este Proxecto Educativo será o marco legal de funcionamento do CEIP Plurilingüe Manuel Murguía e vai responder ás seguintes **preguntas**:

- Onde estamos? Análise do contexto.
- Quen somos? Sinais de identidade.
- Que pretendemos? Obxectivos a conseguir.
- Como nos organizamos? Estrutura organizativa.


2. ONDE ESTAMOS? CONTEXTUALIZACIÓN

2.1. Situación xeográfica

O CEIP Plurilingüe Manuel Murguía atópase na zona de Feáns, pertencente ao concello de A Coruña, da que é hoxe en día un dos seus barrios periféricos.

Se observamos o mapa de zonas de influencia de centros públicos de A Coruña, podemos ver que se sitúa nun contorno con predominancia rural, de grandes zonas despoboadas combinadas con núcleos de vivendas unifamiliares (como a urbanización Valaire ou Breogán). Tamén é importante destacar a presenza da densamente poboada urbanización Novo Mesoiro.

A partir do curso 2020/21, coa construción do CEIP Novo Mesoiro, esta zona de influencia é compartida con este centro, respondendo entre ambos á demanda de escolarización desta zona.



Zona de influencia do CEIP Plurilingüe Manuel Murguía.

2.2. Contorno socioeconómico e cultural

No pasado esta foi una zona que vivía da agricultura e de produtos animais con característica minifundista. A súa poboación tiña un baixo nivel cultural e unha idade avanzada. A lingua predominante era a galega.

Hoxe en día o panorama é ben diferente. Ante o crecemento da cidade de A Coruña e a inmigración dende a zona da Costa da Morte, fóronse creando unha serie de núcleos urbanísticos que podemos focalizar en tres urbanizacións: Valaire, Breogán e Novo Mesoiro. As dúas primeiras constitúense por familias máis acomodadas e con maior nivel de estudos, moitas delas procedentes de A Coruña.

En canto á urbanización Novo Mesoiro, nútrese tanto de xente de contornas máis rurais, como de familias procedentes de A Coruña. Aquí vese un nivel socioeconómico medio, con ingresos moi variables. A lingua predominante é o castelán.

A idade media das familias con fillos en idade escolar sitúase entre os 35 e os 45 anos, normalmente cun fillo ou dous por familia.

Nos últimos anos está chegando un crecente número de estranxeiros procedentes principalmente de Sudamérica.

2.3. O centro

2.3.1 Características

O CEIP Plurilingüe Manuel Murguía é un centro escolar de titularidade pública e dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

É un Colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) que imparte as ensinanzas do segundo ciclo de Educación Infantil e a totalidade da etapa de Educación Primaria.

DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO			
Denominación:	CEIP Plurilingüe Manuel Murguía.	Código centro:	15023363.
Enderezo:	Rúa Obradoiro, 11. Feáns.	C. Postal:	15.190.
C. Electrónico:	ceip.manuel.murguia@edu.xunta.gal	Teléfono:	881960763.
Web do centro:	https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelmurguia/		
Niveis Educativos	Educación Infantil e Primaria.		
Nº de Unidades	3 unidades de Educación Infantil e 6 unidades de Educación Primaria.		
Réxime Horario	Xornada continua. 9:00 a 14:00 horas.		
Servizos	Madrugadores xestionado pola ANPA e de pago. Comedor xestionado pola ANPA e de pago. Transporte escolar gratuíto.		
Instituto de adscrición	IES Elviña.		

Dependencias

O colexio ten un recinto valado que acolle o edificio principal e as zonas exteriores.

- **Edificio principal.** Conta con elevador e está composto por planta soto, planta baixa e primeiro andar, que contemplan as seguintes estancias:
 - **Planta soto:** ten a biblioteca, o comedor e o ximnasio, dotado con dous aseos para alumnado e un para profesorado. Tamén posúe un cuarto de almacenamento de material e o cuarto da limpeza.
 - **Planta baixa:** está a conserxería, os aseos de nenos e nenas, o despacho do equipo directivo, a aula de Pedagogía Terapéutica, tres aulas de Educación Infantil, así como as de 1º e 2º de Primaria. Tamén ten un pequeno almacén.
 - **Primeiro andar:** está a sala de mestres, o servizo de reprografía, o Departamento de Orientación, a aula de usos múltiples, a aula de Relixión, as aulas de 2º e 3º ciclos de Educación Primaria (3º, 4º, 5º e 6º) e a aula de Música.

- **Zonas exteriores.** Comprenden zonas verdes, unha pista polideportiva descuberta, un horto escolar, así como un espazo para Educación Infantil con xogos destinados a estas idades e un pequeno patio cuberto.

Plans, programas e proxectos desenvolvidos dende o centro

- Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE).
- Proxecto de Biblioteca creativa.
- Programa de Radio na Escola.
- Polos Creativos.
- Programa de Centros Plurilingües.
- Proxecto de Recunchos Animados.
- Plan de Formación Permanente do profesorado.
- Proxecto de Patios Dinamizados.
- Programa IMCITIZEN.
- Proxecto Ecoescola.
- Proxecto de Vida Activa e Deportiva (PVAD).
- EDUsaúde.
- Proxecto das ipads.
- Proxecto Semente.

Oferta de Servizos Complementarios

O centro conta con servizos complementarios de transporte, madrugadores, comedor escolar e actividades extraescolares:

- **Transporte.** Existen dúas rutas de transporte escolar de carácter gratuíto, coa seguinte distribución:
 - Ruta 1. As Rañas – Mesoiro Vello – Avda. Novo Mesoiro (rotonda 2) – Fragas do Eume – Urbanización Breogán (2 paradas).
 - Ruta 2. Avda. Novo Mesoiro (rotonda 1) – Ribeira Sacra (2 paradas).Este servizo funciona dúas veces ao día: a primeira hora da mañá para levar aos alumnos/as ao centro e a mediodía para devolvelos aos seus fogares.
- **Comedor.** Este servizo funciona administrado pola ANPA e financiado polas familias participantes. Dispón de monitores que recollen aos nenos/as de Educación Infantil nas aulas para baixalos ao comedor. Estes monitores son os responsables da atención e vixilancia do alumnado durante o horario que comprende das 14:00 ás 15:45 horas.
O servizo é de catering e actualmente está contratado coa empresa [Jardanay](#).
- **Madrugadores.** Servizo xestionado pola ANPA, que funciona dende as 7:30 da mañá ata o comezo do horario lectivo (9:00). No espazo do comedor os nenos/as realizan o almorzo e logo xogan no ximnasio. Hai opción a acollerse a este servizo sen almorzo.
- **Actividades Extraescolares.** A ANPA tamén xestiona as actividades que teñen lugar fóra do horario lectivo, dende ás 16:00 ata ás 18:00. Búscase que sexan variadas e o máis económicas posible, incluíndo alternativas deportivas (patinaxe, Judo...) e formativas (inglés, POE, informática...).

Centro adscrito de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)

O instituto adscrito para cursar a Educación Secundaria Obrigatoria é o **IES Elviña**, que tamén dispón de Bacharelato.

2.3.2 Alumnado

O primeiro paso para entender e programar un centro é coñecer a poboación da que se ocupa; é dicir, o seu alumnado. Vexamos a distribución do noso alumnado por zonas:




Gráfico da distribución do alumnado (Datos do curso 2023/24).

Como se pode ver, a meirande parte dos nosos alumnos e alumnas habitan na Urbanización Novo Mesoiro, alcanzando o 58%, o que quere dicir que supón case 6 de cada 10 alumnos/as.

A seguinte zona en orde de importancia é a de Feáns, na que o alumnado do centro se atopa bastante espallado, ao tratarse de vivendas unifamiliares. Hai que subliñar que ao noso centro acoden varios nenos/as do poboado de etnia xitana de As Rañas (14% do total de alumnos/as).

Por último, un 8% do alumnado procede da Urbanización Breogán.

Actualmente, o centro acolle a un total de 151 alumnos/as: 45 de Educación Infantil e 106 de Educación Primaria. A ratio oscila entre os



13 e os 17 alumnos/as, só superando os 20 alumnos/as nos dous últimos cursos da etapa de Educación Primaria.

2.3.3 Profesorado

O centro conta cos seguintes **mestres/as**:

- 3 titoras de Educación Infantil.
- 1 docente de apoio á etapa de Educación Infantil.
- 6 titoras de Educación Primaria.
- 1 especialista en Educación Física.
- 1 especialista en Educación Musical.
- 1 especialista en Lingua Estranxeira (Inglés).
- 1 especialista en Pedagogía Terapéutica
- 1 especialista en Pedagogía Terapéutica / Audición e Linguaxe (compartida co IES Elviña).
- 1 orientadora (compartida co CEIP Labaca).
- 1 especialista en Relixión Católica (compartida co CEIP Cidade Vella).
- 1 especialista en Relixión Evanxélica (compartida con dous centros máis).

Todo o profesorado ten destino definitivo no centro, o que fai que se trate dunha plantilla bastante estable e acostumada a traballar xunta.

O **Equipo Directivo** está constituído actualmente por tres especialistas: un de Educación Física, que fai labores de dirección; outra de Lingua Estranxeira (Inglés) que ten o rol de xefa de estudos; por último, o mestre de apoio a Educación Infantil, que ocupa o posto de secretario.

2.3.4 Persoal non docente

O persoal non docente está composto por:

- 1 conserxe (dependente do Concello).
- 1 auxiliar de conversa (dependente da Consellería de Educación).
- 2 persoas de limpeza (dependentes do concello e traballadoras dunha empresa privada).
- 1 posto de persoal auxiliar coidador (dependente da Consellería de Educación).
- 1 enfermeira (dependente da Consellería de Educación).
- Persoal de madrugadores e comedor (dependentes da empresa privada Jardanay).

Independentemente do seu réxime laboral, desenvolven a súa actividade conforme aos principios que rexen as Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia do centro (NOFC).

2.3.5 ANPA

A nosa ANPA denomínase “As Lavadeiras” e constitúe un grande apoio para o traballo no centro e para a conciliación familiar e laboral, así como para as diversas festividades nas que sempre están presentes.

Son os encargados de organizar e xestionar o servizo de madrugadores, comedor e actividades extraescolares.

Tanto a xunta directiva como todos aqueles pais e nais que colaboran fano de xeito desinteresado e gratuíto. Cómpre salientar a estreita coordinación e vinculación que manteñen co centro. Pode verse o labor que fan e diversa información no seu Instagram: <https://www.instagram.com/aslavandeiras/>.

3. QUEN SOMOS? PRINCIPIOS E SINAIS DE IDENTIDADE

3.1. Principios educativos do centro

O máis característico do noso centro é o seu pequeno tamaño (que só permite acoller 20 novos alumnos/as cada curso escolar) e a súa antigüidade. Isto supón unhas debilidades como o pouco orzamento, persoal e recursos dos que dispoñemos, ou a pista polideportiva sen cubrir.

Pero tamén lle permite certas fortalezas, como poden ser a proximidade coas familias, a ensinanza máis personalizada ou a existencia dun equipo docente implicado, unido e comprometido.

No noso proxecto entendemos a educación como globalizada, atendendo a todas as dimensións do ser humano:

- ✚ A dimensión **cognitiva**, fornecendo de coñecementos relativos a todos os eidos: a música, a plástica, as ciencias, e especialmente as disciplinas instrumentais (matemáticas e linguas).
- ✚ A dimensión **afectiva e emocional**, acompañando ao alumnado dende que comeza a súa andadura no centro, ensinando a recoñecer, aceptar e xestionar a súa afectividade e realidade emocional, e apoiando a súa maduración persoal.
- ✚ A dimensión **física**, por medio dunha ensinanza progresiva da psicomotricidade e a Educación Física, axeitada a cada idade e desenvolvemento.
- ✚ A dimensión **ética e de valores**, traballando activamente para que os nenos/as adquiran uns valores democráticos e respectuosos cos demais. Dentro deste respecto inclúense as opcións de relixión católica e evanxélica, por ser as demandadas polas familias no noso centro.

Consideramos a educación, polo tanto, como un proceso de formación no que tanto o mestre/a como o alumnado deben ter unha actitude activa tendente a acadar aprendizaxes que contribúan ao seu **desenvolvemento integral**.

Como centro **plurilingüe** apostamos fortemente pola introdución das dúas linguas cooficiais da nosa terra galega, xunto cunha grande presenza da lingua inglesa, hoxe máis que nunca, lingua internacional de comunicación. Con respecto a esta última, impártense en inglés a área de Educación Plástica e Visual en toda a Primaria e a área de Educación Física, esta última de 3º a 6º de Primaria.

Respecto á **comunidade educativa**, facilítanse e apóianse as actuacións da Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPA) para xestionar servizos complementarios á educación, como son o comedor escolar, o programa de madrugadores, as actividades extraescolares e outras iniciativas máis concretas; por exemplo, o programa “Cóxegas” ou os “Campacoles”, que buscan conciliar a vida familiar e laboral. O pequeno tamaño e o alumnado do noso centro permítenos ter un trato directo e próximo coas familias, así como acoller de bo grao as súas achegas.

Co gallo de contribuír a unha sociedade máis **ecolóxica**, anímase á transformación do propio centro coa colaboración das familias, dentro do proxecto “Ecoescola”. Selecciónanse actividades complementarias e extraescolares que pescudan o contacto do alumnado co medio que o rodea, e a concienciación dos efectos nocivos que a contaminación supón para o noso planeta. Ademais cóntase cun invernadoiro, onde cada curso ten unha “parcela”, para plantar diversas hortalizas e verduras. O alumnado ocúpase do seu coidado.

Impulsamos a promoción de **estilos de vida saudables**; para iso, participamos no Plan de Vida Activa e Deportiva (PVAD) e en EDUSaúde, con actividades como a milla diaria, a plataforma de valoración da condición física DAFIS, os recreos activos, o recuncho deportivo, a mochila deportiva ou o pasaporte saudable. Trátase de enfocar ao alumnado a unha vida máis activa e menos sedentaria.

A **cultura galega** é parte da nosa esencia. Esta moi presente a través de festividades típicas como o magosto, o Samaín, as Letras Galegas, pero tamén con actividades como os xogos populares ou a nosa Murguifeira de final de curso, á que están invitadas todas as familias.

A **biblioteca** é o corazón e centro do noso colexio, polo que participamos no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE) e en Biblioteca creativa. Todos os anos se leva a cabo un Proxecto Documental Integrado (PDI) que parte da biblioteca e se estende por todo o centro. Hai préstamo semanal de libros en todos os cursos, ademais dunha mochila viaxeira e, nos recreos, os nenos e nenas poden ler por medio do carriño de “Bibliopatio”.

Por medio da **radio** na escola conseguimos un achegamento aos medios de comunicación, para perderlle o medo e observar dende dentro como se elabora a información, desenvolvendo así unha **conciencia crítica** fundamental no mundo de hoxe en día.

Consideramos que é importante que o noso alumnado aprenda a **participar na sociedade** na que vive, así como a **innovar e emprender**, polo que nos integramos no **Proxecto IMCITIZEN**, que pretende que os nenos e nenas se sintan partícipes e aprendan a cambiar o mundo que lles rodea. Co **Proxecto Semente**, por outra banda, aprenden a crear a súa propia cooperativa dende cero, vendendo os seus produtos ao finalizar o curso.

Por último, o profesorado tamén continúa aprendendo dentro do modelo de **aprendizaxe permanente** que neste caso se realiza fundamentalmente a través de cursos e dun Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) realizado no propio centro.

3.2. Elementos transversais e a Educación en Valores

Comprensión lectora e expresión oral e escrita

Os nenos/as prelectores comezan a traballar estas destrezas por medio da comprensión e expresión gráfica, tales como a lectura de imaxes ou o debuxo para expresar as súas ideas, sentimentos e necesidades.

En Educación Infantil faise un achegamento progresivo á lectoescritura, comezando polas vocais e tendo como referente básico a maduración de cada neno/a.

Nos primeiros cursos de Primaria, sistematízase o proceso lector e escritor, xa sexa por medio dun acercamento máis construtivista ou máis fonolóxico.

Nos cursos 3º e 4º de Primaria, o que prima é a comprensión lectora e o aumento da velocidade de lectura, acabando o alumnado de perfeccionar estas destrezas básicas nos últimos cursos.

No respectivo á expresión oral, cómpre traballar co alumnado dende o mesmo momento en que chega ao centro. Obsérvase, en xeral, que cada vez ingresan cunha destreza oral mais inmadura, polo que se realizan variados exercicios centrados no xogo, ademais de fomentar que se expresen con liberdade no momento da asemblea.

En Educación Primaria trabállanse lecturas en voz alta, así como exposicións orais.

Comunicación audiovisual e competencia dixital

As novas tecnoloxías son de gran axuda para a ensinanza. Todas as aulas do centro, agás as de 5º e 6º de Educación Primaria, dispoñen de paneis dixitais, que pronto estarán implantados na totalidade de clases. Ademais contamos con 10 ipads e un conxunto de netbooks para ser utilizados en calquera etapa. Como aspectos a destacar do seu uso:

- Facilitan ao profesorado a busca de materiais e recursos.
- Achegan ao alumnado a contornas que doutra maneira sería imposible chegar.
- Permiten a interacción e a autocorrección.
- Supoñen un aspecto moi motivador.
- Permiten unha aprendizaxe en tempo real.

Espírito emprendedor e iniciativa empresarial

Dende pequenos pretendemos que os alumnos/as desenvolvan a súa capacidade crítica e autonomía, para que poidan afrontar os seus propios proxectos segundo van crescendo. É destacable a participación no Proxecto Semente, do concello, nos últimos cursos, que supón crear a súa propia cooperativa, elaborar os produtos e finalmente vendelos.

Educación cívica e constitucional

Os valores democráticos tales como a solidariedade, xustiza e a igualdade, sustentan a nosa sociedade, polo que son incluso máis importantes á hora de formar os homes e as mulleres do futuro que os propios coñecementos académicos. Aínda que se traballan de maneira expresa, tamén se tratan ao longo de todas as áreas e de todos os espazos educativos, abranguendo incluso o comedor e as actividades extraescolares.

As normas de aula, moitas veces creadas polos propios nenos e nenas, son unha aprendizaxe fundamental para adquirir logo as normas sociais.

Igualdade efectiva entre homes e mulleres e prevención da violencia de xénero

Entendemos que o mellor xeito de coeducar é non establecer ningún tipo de distinción na educación que lle transmitimos ao alumnado nin nas formas en como o facemos. Asumimos que cada neno ou nena ten capacidades, intereses e preferencias moi diferentes como persoas individuais, pero non relacionadas co xénero.

Tamén consideramos importante facer explícitas situacións nas que se reflectan desigualdades debidas ás diferenzas de xénero, falándoas na clase, tentando crear unha conciencia crítica cara a este tipo de condutas, co gallo de rexeitalas da nosa sociedade.

A violencia de xénero é unha lacra aínda frecuente que, en ocasións, pode ter consecuencias moi desagradables. Dende o centro incidimos en dúas das causas que cimentan estas situacións:

- Erradicación do machismo e de actitudes de todo tipo que afirman ou suxiren a inferioridade da muller fronte ao home.
- Fomento da resolución de conflitos de xeito pacífico.

Prevención e resolución pacífica de conflitos

En ocasións, os conflitos son inevitables, pero axúdannos a desenvolvernos como persoas. Somos conscientes de que cando dúas opinións se contraponen, o diálogo pode enriquecer ambas e achegar posturas. Optamos por que os rapaces e rapazas solucionen os seus problemas entre eles sen a intervención adulta. Este non intervencionismo non supón despreocupación por parte do docente, que en todo momento supervisa a evolución destes intercambios e, cando non son capaces de chegar a acordo de xeito pacífico, intervimos como mediadores.

Valores democráticos e sustentadores do estado de dereito

A igualdade, a xustiza e o respecto ás demais persoas son parte dos contidos do noso currículo. Non podemos entender a educación sen este tipo de valores. Na medida do posible pretendemos que o alumnado participe, acorde coa súa idade, nalgunhas das decisións que se toman na aula.

Neste apartado traballamos en dous campos opostos, pero complementarios:

- Socialización. Ensinando as normas que conforman a nosa sociedade, a diferenza entre lei e moral e, nos últimos cursos, a estrutura política que nos sustenta.
- Conciencia crítica. Reflexionando sobre noticias de actualidade dos medios (cos maiores) ou das pequenas cousas que nos suceden cada día (cos pequenos), para ser capaces de ver as deficiencias da nosa sociedade e as posibilidades de cambio.

En canto ao aspecto relixioso, o centro declárase aconfesional. Non é obrigatorio cursar ningunha área dunha relixión en concreto, se ben as familias poden libremente escoller cursar as áreas de Relixión Católica ou Relixión Evanxélica.

Desenvolvemento sustentable e medio ambiente

O noso centro enclávase nunha contorna rural, aínda que moi preto da metrópole coruñesa. Isto permítenos diversas actividades de contacto coa propia natureza, coma saídas ou recollida de materiais naturais.

O programa “Ecoescola” enreda ás familias no traballo de posuír un centro máis ecolóxico e natural, coa creación dun horto, o pintado do valado ou a dotación de plantas no interior da escola.

Co alumnado reflexiónase sobre a súa capacidade para cambiar a contorna, facéndoa máis ecolóxica e un lugar mellor para as persoas. Incídese na importancia de non lixar, sendo este un beneficio para o medio ambiente.

Educación viaria

Participamos en varias actividades coa Policía Local de A Coruña, que envía un axente para facer unha ruta cos nenos e nenas, e coas familias que así o desexan, nos arredores do centro. O alumnado pode observar de primeira man a necesidade de prestar atención á sinalización e realiza simulacións de cruzado da beirarrúa por pasos de peóns. Preténdese poñer en marcha por parte dalgúns pais e nais o proxecto ANCAS, para que os nenos e nenas acudan ao centro a pé.

4. QUE PRETENDEMOS? OBXECTIVOS DO NOSO CENTRO

4.1. Obxectivos de ámbito curricular

- Formar persoas competentes capaces de resolver situacións cotiás en contextos diversos.
- Formar integralmente aos alumnos e alumnas, compensando as súas carencias e potenciando os seus talentos.
- Fomentar a adquisición do grao de autonomía suficiente que lles permita desenvolverse na súa vida.
- Facilitar a adquisición e desenvolvemento de hábitos de estudo, técnicas de traballo, procura de información e consecución de coñecementos.
- Mellorar o desenvolvemento do hábito lector, a competencia lectora, a competencia comunicativa oral e escrita, fomentando o manexo de diferentes códigos expresivos.
- Acomodar as nosas estratexias de ensinanza ás necesidades do noso alumnado, poñendo especial énfase naquel que teña necesidades específicas de apoio educativo.
- Formar ao alumnado no respecto á pluralidade lingüística e cultural.
- Conseguir nos alumnos/as unha competencia lingüística, tanto oral como escrita, que lles permita utilizar por igual tanto a lingua galega como a castelá, e fomentar a competencia na lingua inglesa.
- Incorporar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) ao proceso de ensino como medio e ferramenta de investigación e aprendizaxe.
- Promover entre os nenos e nenas a filosofía maker, de xeito que se potencie a curiosidade, a creatividade e a iniciativa nun espazo onde poidan explorar variedade de ferramentas e materiais.
- Promover entre o alumnado a cultura científica, a través da realización de actividades que fomenten a curiosidade e que favorezan actitudes positivas cara á ciencia.
- Transmitir o apreio polas artes plásticas e visuais, así como a música, aprendendo a valorar as grandes obras máis representativas e a expresarse libremente.
- Incluír a perspectiva de xénero no desenvolvemento da competencia científica, espertando o interese polas disciplinas STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas).
- Ensinar a Educación Física e o deporte como medios para desenvolver unha vida activa e saudable.
- Transmitir ao alumnado o coñecemento e a apreciación dos valores e normas de convivencia, das leis e dos dereitos humanos fundamentais.
- Desenvolver unha metodoloxía activa que garanta a participación do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe e parta dos seus intereses e necesidades.
- Traballar na adquisición de estratexias para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que potencie o traballo en equipo.

4.2. Obxectivos do ámbito da participación e da integración

- Manter o centro como unha institución aberta e en continua interacción coa súa contorna, potenciando, difundindo e desenvolvendo actividades colectivas de extensión cultural que fomenten a cooperación entre todos os membros da comunidade educativa.

- Establecer relación de colaboración e coordinación co IES Elviña e coas Escolas de Educación Infantil de xestión pública da zona.
- Promover a participación das familias na vida do centro, incrementando a calidade e fluidez da mesma.
- Potenciar os mecanismos e procesos de participación activa e democrática de todos os membros da comunidade educativa, para ofrecer unha educación de calidade e garantir a igualdade de oportunidades a todo o alumnado.

4.3. Obxectivos do ámbito da organización e da administración

- Dinamizar a vida do colexio, a partires do traballo en equipo e da coordinación entre os profesionais do equipo docente.
- Promover proxectos de formación e innovación e actividades para a permanente actualización pedagóxica e profesional do profesorado.
- Participar en plans, proxectos ou programas de innovación e actividades axeitadas para mellorar as competencias, habilidades e aprendizaxes no noso alumnado.
- Coordinar o paso entre etapas e os cambios de ciclo.
- Manter integrado ao centro no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE) e noutras actividades similares, co obxectivo de potenciar o uso de biblioteca como centro de recursos da información, da lectura e dinamizadora da vida cultural do centro.

4.4. Obxectivos do ámbito dos recursos

- Xestionar de forma eficaz todos os recursos dispoñibles, facilitando os procedementos administrativos mediante unha organización axeitada.
- Optimizar a oferta de actividades complementarias e extraescolares organizadas polo centro, a ANPA e o concello.
- Manter actualizada de maneira permanente a dotación material do colexio, para facilitar unha formación baseada nas tecnoloxías máis innovadoras.

4.5. Obxectivos do ámbito dos servizos

- Comprometer a todas as persoas da comunidade educativa no coidado e mantemento das instalacións e dos recursos materiais da escola en condicións axeitadas, para uso e goce da comunidade educativa.
- Xestionar e supervisar as actuacións relativas á organización e ao funcionamento dos servizos complementarios que ofrece o centro.

5. COMO NOS ORGANIZAMOS?

A estrutura organizativa márcaa a lexislación pertinente e vai permitir conseguir os obxectivos deste Proxecto Educativo, facilitar as tarefas e organizar os recursos existentes. Deste xeito, toda acción educativa encamiñada ao desenvolvemento integral do alumnado será unha tarefa de todos e todas, e non unha actuación illada e inconexa.

Os órganos de goberno e as súas funcións e organización recóllense nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia do centro (NOFC).

5.1. Órganos de Goberno e Participación

5.1.1 Órganos unipersoais

Constitúen o equipo directivo do centro e estarían formados pola dirección, a xefatura de estudos e a secretaría, coas competencias que establece a lexislación vixente.

5.1.2 Órganos colexiados de goberno

- **Consello Escolar.** É o órgano a través do cal participan na xestión do centro os distintos sectores da comunidade educativa. Forman parte do mesmo:
 - O director do centro, que preside o Consello.
 - A xefa de estudos.
 - O secretario, con voz, pero sen voto.
 - Unha persoa representante do Concello.
 - Unha persoa representante do persoal de administración e servizos.
 - Cinco mestres/as elixidas polo Claustro.
 - Cinco representantes das familias. Un deles é proposto pola ANPA.O Consello Escolar contén no seu seo as seguintes Comisións:
 - Comisión Económica. Integrada polo director, un mestre, un representante das familias e o secretario. A súa función é aprobar ás contas e o orzamento.
 - Comisión de Convivencia. Presidida polo director e integrada pola xefa de estudos, representantes das familias e dos docentes.
- **Claustro de profesorado.** É o órgano propio de participación dos mestres/as no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e, de ser o caso, decidir sobre todos os aspectos educativos do colexio. O Claustro estará presidido polo director e integrado pola totalidade do profesorado que preste servizo no centro.

5.1.3 Órganos de coordinación docente

- **Comisión de Coordinación Pedagóxica.** Estará constituída polo director como presidente, a xefa de estudos, a xefa do Departamento de Orientación, as coordinadoras de ciclo, o profesorado de PT, a coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega e a coordinadora de biblioteca.
- **Departamento de Orientación.** É un órgano especializado que apoia o labor do centro e do profesorado en todas as actuacións dirixidas a garantir a formación integral do alumnado. Está

constituído polas mestras de apoio, as coordinadoras de ciclo e a xefa do Departamento de Orientación.

- **Equipos de ciclo/nivel.** Composto polas titoras dese ciclo ou nivel e os/as especialistas que impartan nese curso en concreto.
- **Profesorado titor.** Cada grupo de alumnado terá unha mestra titora, que será designada polo director a proposta da xefa de estudos. Ademais da súa tarefa específica como docente, responsabilízase da acción titorial do seu grupo.

Co fin de facilitar a relación do profesorado titor coas familias, fixarase unha hora semanal para atención as familias, dentro do horario non lectivo de obrigada permanencia no centro; será os luns, de 17:00 a 18:00. A principios de curso fixarase unha reunión inicial coas familias de cada titoría.

- **Equipo de Dinamización da Lingua Galega.** É o responsable do deseño, posta en práctica e revisión do programa de actividades de fomento da lingua galega no marco do Proxecto Lingüístico de centro.
- **Responsable de Actividades Complementarias e Extraescolares.** Encárgase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades, xunto cos membros da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

5.1.4 Outras coordinacións

- **Coordinación do programa plurilingüe.** Este labor é levado a cabo pola mestra de Lingua Estranxeira – Inglés.
- **Coordinación do Equipo de dinamización da biblioteca.** Terá unha representación variada das distintas etapas e niveis educativos. O obxectivo fundamental vai ser o de integrar a nosa biblioteca no proceso educativo, articulando todas as intervencións que se van realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades comunicativas.
- **Coordinación do Equipo do Plan Dixital.** Terá unha representación dos distintos niveis e etapas educativas.
- **Coordinación do Equipo de Ecoescola.** No colexio dámoslle prioridade ao coidado do medio ambiente. Este equipo favorece accións relacionadas con el, como manter un horto, plantar árbores ou determinada vexetación, separar os residuos...
- **Coordinación do Equipo de vida activa e deportiva.** Búscase que o alumnado teña unha axeitada saúde e calidade de vida, polo que se poñen en marcha varias accións: medición dos niveis de condición física, milla diaria, control de merendas nos tempos de lecer, pasaporte saudable, recuncho deportivo, recreos activos...

5.2. Outros aspectos de funcionamento

5.2.1 Estratexias de coordinación entre cursos e etapas educativas

A **coordinación horizontal** non ten tanta relevancia no noso centro, ao tratarse dun colexio de liña 1. Nalgunha ocasión pode ser preciso desdobrar un curso en dúas aulas ao superar a ratio legalmente establecida. Nestes casos, os dous mestres/as dese mesmo nivel deberían traballar de maneira o máis conxunta posible.

Mantéñense reunións periódicas entre todo o profesorado que imparte clase nun mesmo nivel (titor/a e especialista). En Educación Infantil as reunións son de todo o ciclo conxunto, para unha mellor xestión.

Para a **coordinación vertical** organízanse diversos equipos, xa mencionados, nos que se intenta que participe unha mostra de mestres/as de cada etapa.

Para a **coordinación entre etapas** cómpre distinguir:

- Paso do primeiro ao segundo ciclo de Educación Infantil: mantemos contacto coa Escola Infantil de carácter público máis próxima ao centro. Realizamos un concerto anual interpretado polo noso alumnado nas instalacións de “A Caracola”.
- Paso de Educación Infantil a Educación Primaria: é moi doado, ao compartir un mesmo espazo e horarios similares. Neste aspecto cobran importancia as reunións entre o titor/a de 6º de Infantil e o de 1º de Primaria, ao final e ao comezo de curso.
- Paso de Educación Primaria a Educación Secundaria: respecto ao noso centro adscrito, que é o IES Elviña, mantemos contacto e certa colaboración. No terceiro trimestre adoita levarse a cabo unha saída para que os nenos/as de 6º de Primaria coñezan o instituto e realicen nel certas actividades. A información entre ambos centros flúe debidamente, estando informados dos cambios máis salientables. No período de admisión ánimoase ás familias a que vaian ás charlas informativas do instituto.

5.2.2 Organización de tempos

Educación Infantil e Educación Primaria teñen un **horario distinto**, para atender as diferenzas do alumnado do cal se ocupan.

As dúas primeiras sesións da mañá son coincidentes en ambas etapas (9:00-9:55 e 9:55-10:50), para facilitar a docencia na etapa de Educación Infantil do profesorado especialista (lingua estranxeira e relixións).

Debido á existencia de dous períodos de lecer e á organización distinta en Educación Infantil, ambos horarios bifúrcanse a partires das 10:50. En Infantil esa é a hora na que se baixa a tomar a merenda de media mañá, e despois ten lugar o primeiro período de lecer. De 11:20 a 12:00 enmárcase unha sesión lectiva que dará paso ao segundo período de lecer. Para rematar impártense dous períodos lectivos, un de 12:30 a 13:15, e un segundo de 13:15 ata o final da xornada, ás 14:00.

No caso de Educación Primaria, entre as 10:50 e as 11:45 impártese unha sesión lectiva que dá paso ao período de lecer, que remata ás 12:15, despois da cal hai dúas sesións ata as 14:00.

A organización metodolóxica do tempo tampouco é igual en ambas etapas. En Infantil o horario é moito máis flexible, no só no que respecta ao cambio de clase, tamén nos contidos impartidos e nas actividades desenvolvidas.

En Educación Primaria a organización márcana as diversas áreas e disciplinas, así como a maior afluencia de especialistas.

5.2.3 Medidas organizativas e pedagóxicas para o período de adaptación en Infantil

O período de adaptación é de carácter vital na etapa de Educación Infantil, e especialmente no alumnado de 4º de Infantil, que comeza a súa andaina no centro. Fundaméntase principalmente en dous piares:

- Alumnado que non estivo escolarizado previamente, e que a chegada ao centro supón o seu primeiro contacto cunha educación organizada.
- Alumnado que estivo escolarizado en Escolas de Educación Infantil de cero a tres anos, pero debe adaptarse a unha nova forma de traballar, de organizarse e a toda unha nova serie de normas.

O período de **adaptación** limitase aos días que marca a lexislación. Abarca os primeiros días do curso e, normalmente comeza arredor do 10-13 de setembro. Foi cambiando ao longo dos anos para dar resposta a diversas solicitudes da familia. Hoxe en día, o alumnado divídese en dous grupos e configúrase do seguinte xeito:

- Durante os primeiros días cada grupo acode ao centro durante unha hora, de maneira separada. As familias entregan e recollen aos seus fillos/as na aula.
- Nos seguintes días ambos grupos asisten ao centro de maneira conxunta, durante 3 horas. Dende este momento o alumnado xa podería facer uso de comedor e/ou transporte á saída.
- Nos últimos días procédese como no apartado anterior, pero amplíase a estancia a 4 horas.
- Por último, comezariase coa xornada normalizada de 5 horas, podendo facer uso de madrugadores, comedor e transporte de entrada e saída.

Durante o período de adaptación o mestre de apoio de Educación Infantil permanece na aula de 4º curso para axudar á titora no seu labor e acompañar ao alumnado que máis lle custe a adaptación.

Os primeiros días do período de adaptación, os mestres de Primaria que están de garda baixan a botar unha man co alumnado de novo ingreso.

A orientadora e o profesorado de PT e AL tamén pasan pola aula para facer unha avaliación xeral de calquera problemática que puidera ser detectada coa mera observación directa e sistemática.

Neste período foméntase a aprendizaxe fundamentalmente lúdica, sen obrigas e con actividades de libre elección por parte do alumnado. Visítanse ao longo dos días os diversos espazos dos que se compón o centro, para que os nenos/as poidan ter unha primeira idea da contorna na que se van desenvolver, poñendo especial incidencia no patio de recreo, na pista polideportiva, no ximnasio, no comedor, na biblioteca e nas aulas dos outros nenos/as de Educación Infantil.

5.2.4 Formas de colaboración coas familias, co Concello e coas institucións

Colaboración coas familias

A colaboración coas familias lévase a cabo a través de varias canles:

- **Institucional.** Por medio do Consello Escolar e as diversas comisións (Comisión de Convivencia, Comisión Económica...).
- **Por grupo clase.** Ao inicio de curso realízanse reunións con todas as familias de cada nivel coordinadas polas diversas titoras, nas que se lembran as normas do centro, explícanse os obxectivos para o curso e respóndese a todas as inquiredanzas de carácter xeral.
- **Individualizada.** Cada luns hai unha hora para atención ás familias de 17:00 a 18:00, para a que é necesaria cita previa. Nesas reunións abórdase a problemática e a progresión específica de cada alumno/a concreto, e intercámbiase información familia-centro.

- **Convivencial.** Adóitase realizar unha xornada de convivencia ao final de cada curso escolar onde poder compartir xogos, charlas, chanzas e, en resumo, lograr un acercamento entre nenos/as, familias e profesorado.
- **Puntual.** En ocasións reclámase a axuda e participación por parte das familias, para reforzar algún contido escolar por medio dunha charla, contar un conto, acompañar nalgunha saída...

Colaboración co Concello

Participamos en moitas actividades promovidas polo Concello de A Coruña: saídas, charlas, actividades extraescolares, excursións de varios días, programas e proxectos...

Varios dos nosos alumnos/as obteñen becas de comedor grazas ás axudas promovidas polo propio Concello.

De xeito excepcional, nos períodos electorais tamén funciona como centro no que exercen o dereito ao voto os veciños/as de Feáns.

Colaboración con outras institucións

Colaboramos con ONGs para a recollida de alimentos non perecedeiros e de roupa usada, normalmente vinculándoa a certas festividades (Nadal, Día da Paz e da non violencia...).

En ocasións, a Federación de ANPAs de A Coruña realiza no noso centro “Campacoles” nos períodos de vacacións, así como o programa “Cóxegas” para a atención dos nenos/as nos meses de setembro e xuño.

6. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO

O Proxecto Educativo marca a personalidade do centro e serve de base para a elaboración das diferentes programacións. Así mesmo, complétase con outros documentos de xestión que se relacionan a continuación:

- Programacións docentes.
- **Programación Xeral Anual.**
- Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- **Plan de lectura.**
- **Plan de Biblioteca.**
- **Plan Dixital.**
- **Plan de Convivencia.**
- Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (NOFC).
- **Proxecto Lingüístico.**
- **Plan de Acción Titorial.**
- **Plan de Igualdade.**
- **Plan de Actividade Física e Hábitos Saudables.**
- Plan de Orientación.
- **Plan de acollida.**
- **Plan de benestar**

- Plan de Autoprotección.

7. DIFUSIÓN, REVISIÓN, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

O Proxecto Educativo e o seu grado de consecución será **avaliado e valorado na memoria anual**, co fin de que da súa análise se poidan extraer conclusións que permitan introducir os cambios necesarios para a adecuación das actuación do centro a dito proxecto. Terase en conta que para acadar unha liña educativa coherente, os cambios deben ser mínimos, pois os procesos educativos necesitan longos períodos de tempo para consolidarse.

O Proxecto Educativo aparecerá na **páxina web** do centro para que poida ser accesible a calquera membro da comunidade educativa.

Trátase dun proxecto vivo que se irá adaptando aos cambios legislativos, pero tamén se nutrirá das melloras dos proxectos e plans que o forman. Proponse unha revisión en profundidade cada catro cursos que permita non só a actualización por cuestións legislativas, senón tamén un traballo de equipo a nivel de centro que o adapte ás novas necesidades e situacións do colexio, de ser preciso.

DILIXENCIA

Este Proxecto Educativo foi revisado e actualizado polo equipo directivo con data 22/02/24.

Aprobouse en Claustro con data....

Aprobouse en Consello Escolar con data...

Envíase copia a Inspección Educativa.

O secretario,

A Xefa de Estudos,

O director,

Juan L. Zapata Trillo

María Barca Gómez

Rubén J. Annichiarico Ramos